

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Berta Caccamo

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL
Cipriano Luis Jiménez Casas

93
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO
María Pilar García Negro

109
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117
Editorial
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO
Federico Menéndez Osorio

137
EL NIÑO SALVAJE
Jean Garrabé

151
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:
EL CASO DE “MARCOS”
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas* Leticia Gómez Conde**

RESUMO

Que son os nenos salvaxes? Que teñen de verdadeiro e de lenda? Dende tempos inmemoriais todas as sociedades se preocuparon na aparición destes nenos, que lonxe de ser fantasía moitos deles puideron ser amplamente estudados. O interese que espertan vai intimamente ligado ao mesmo misterio da natureza humana. Un destes casos máis estudados foi o de Víctor de Aveyron, un neno duns 12 anos que foi capturado nun bosque do Languedoc francés e do que se fixo cargo o xove doutor Itard. A obra do doutor supuxo sen dúbida un antes e despois, non só polo seu rigor científico, senón por establecer as bases da psiquiatría infantil e pedagogía actual.

* O autor é Licenciado en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Lleida (2006). MIR en Psiquiatría no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (2008 – 2012). Psiquiatra Adxunto da Unidade Terapéutica de Psiquiatría Penitenciaria Xuvenil de Tillers (Sant Joan de Déu, Mollet del Vallés, Barcelona). Actualmente está cursando un Master de Psiquiatría Legal na Universidade Complutense de Madrid (2011-2013). É socio da Sociedade Española de Psiquiatría Legal desde 2010; Membro de AECS (Asociació d'Estudiants de Ciències de la Salut e Representante da UdL no IFMSA Meeting Netherlands. Realizou cursos e talleres arredor da: Psicopatoloxía do crimen violento; Psicópatas; Adicións non tóxicas e Urgencias Psiquiátricas, entre outros. Publicacións na Revista da Asociación Galega de Psiquiatría: *Trastorno Esquizoafectivo: A proposito dun caso* (2009). “*Problemas de veciños*” como capítulo do libro: *Casos clínicos de residentes de Psiquiatría*. 12ª edición; *¿Encefalopatía hepática ou enfermidade de Marchiafava Bignami?* Finalista de Casos clínicos de residentes de Psiquiatría. 13ª edición. Pósters como: *Episodio psicótico en paciente maior con trastorno depresivo e tratado con Bupropion*; *Trastorno do sono REM nunha persoa maior* (Premio accésit do xurado). Participou en diferentes cursos e seminarios como ponente e de carácter formativo.

** A autora é Licenciada en Medicina pola USC. Residente en Psiquiatría no CHUVI de Vigo. Realizou cursos en psicopatoloxía, psicoterapia, psicopatías, farmacoloxía, terapias con asistencia de animais, entre outros. Desde o ano 2009, asistiu a conferencias e congresos; Asociación Galega de Psiquiatría; IX Simposium de Psiquiatría; XIX Congreso de Psiquiatría Legal e XIV Congreso Nacional de Psiquiatría (Barcelona). Coautora no libro: *Basic Fundamentals in psychodermatology*. TresCtres Editors. Artículos:

Introdución

A historia dos nenos salvaxes é unha historia que invariablemente foi ligada á propia orixe da natureza humana. Que é o que nos fai homes? Esta é unha pregunta que dende tempos remotos nos fixemos. O ser humano é un animal social pero, sen sociedade ese humano? É cando se atopan estes nenos, perdidos ou abandonados, que sobreviviron varios anos rodeados de animais salvaxes nun ámbito hostil, e regresan de novo á sociedade, un dáse conta de que as súas necesidades son distintas ás nosas. A maioría son incapaces de adaptarse. Os medios de comunicación sempre se fixeron eco destas historias e outorgoulles un halo de misterio próximo ás lendas. Dende Rómulo e Rémulos ata o pequeno Mowgli de *El libro de la selva* (Rudyard Kipling (1894) ou *Tarzán de los monos* (Edgar Rice Burroughs, 1912) inspirados no *Bo Salvaxe* de Rousseau. A razón do interese da Ilustración por este fenómeno é a consideración do ser humano como bo por natureza, o que faría aparecer a estes nenos como unha proba diso. Pero lonxe de fantasía son historias reais. Son os nenos salvaxes, casos que foron moi estudados polo seu interese psicolóxico, médico e lingüístico. E dentro deles atopamos a Víctor de Aveyron, trátase duns dos casos mellor estudados e o seu estudo deu orixe da Psiquiatría infantil e a Psicopedagogía tal e como a coñecemos hoxe en día.

Para empezar é importante definir que é un **nenos salvaxe** ou tamén chamado **nenos fero**. Trátase dunha persoa que viviu apartada da sociedade durante un longo período de tempo durante a súa infancia. Esta categoría inclúe dende persoas que non tiveron o máis mínimo contacto humano durante anos, ata nenos que foron confinados en sitios onde soamente se os alimentaba.

O termo fero provén do latín *ferālis* (feroz, letal), e este de *fera*: fera, animal salvaxe.

O primeiro en definir as súas características principais foi Carlos Linneo na súa obra *Systema naturae* (1735-1770). Estas eran: **hirsutismo, imposibilidade de falar e dificultade para camiñar erguidos de forma permanente**. Tamén mostran pouca sensibilidade ao frío e á calor, visión nocturna e sentido do olfacto moi desenvolvidos; Imitan sons de animais e prefiren a compañía destes á dos humanos; olfactean a comida que van inxerir, dormen do anoitecer á alba, de acordo coas estacións; e parecen ser sexualmente indiferentes. Engadía finalmente que, de todos os xeitos, estas características dependen do

Gender Dysphoria: from the superficial symptom to the diagnosis. Nuevo Siglo, S.L. Libro de Abstracts da IX Reunión Nacional de Psiquiatras Residentes. *Hepatic Encephalopathy or Marchiafava – Bignami disease ?* Publicada na XII edición do libro de Casos Clínicos de Residentes. Pósters: Episodio psicótico nun doente maior tratado con Bupropión. *A propósito de un caso*; Congreso de Psicogeriatría (Vigo, 2011); REM trastorno do sono en persoas maiores (Vigo, 2011).

momento en que os abandonen e os atopen e do grao de interacción con animais e con persoas durante o seu período á marxe da sociedade. Podendo modificarse dun caso a outro.

Víctor de Aveyron

Trátase dun dos casos mellor documentados dun neno salvaxe xamais atopado. A finais de setembro de 1799 tres cazadores atoparon nos bosques de Lacaune (Languedoc, Francia) un neno completamente nu, ao que lograron capturar e ao que deixaron ao coidado dunha viúva, encerrado nunha cabana próxima.

Aparentaba uns once ou doce anos e xa fora avistado antes pola zona recoillendo landras ou buscando tubérculos cos que se alimentar. Ao cabo dunha semana logrou escapar retornando ás montañas, onde soportou o rigoroso inverno daquel ano apenas cuberto cunha camisola esgazada.

Polas noites ocultábase, pero durante o día achegábase ás veces a algunha vila dos arredores, nun dos cales, do cantón de St. Sernin, introduciuse nunha casa deshabitada, onde volveu a ser capturado.

Alí atendérono e vixiárono durante varios días, e logo levárono ao hospital de Saint-Afrique e posteriormente a Rodez, onde estivo varios meses. Alí foi visto por Pierre Joseph Bonnaterre, profesor de Bioloxía local, que foi o primeiro científico que escribiu sobre el. Durante todo este tempo mostrouse salvaxe e esquivo, impaciente e inqueda, sempre atento á posibilidade de escapar novamente.

A noticia da súa existencia difundíuse rapidamente pola Francia acabada de saír da revolución, e provocou todo xénero de conxecturas e expectativas. Un ministro do goberno, Lucien Bonaparte, con inclinacións científicas ordenou o traslado do rapaz a París, onde chegou a finais de setembro de 1800, coa esperanza de que o estudo do seu caso puidese ampliar os coñecementos sobre a mente humana.

Logo de converterse en asunto público, os sabios do momento examinárono e chegaron á conclusión, expresada polo máis cualificado deles, Philippe Pinel, director do asilo de Bicêtre, de que “*o selvaxe de Aveyron*“ non era máis que un deficiente mental incurable. Pero un novo médico acabado de doutorarse de 26 anos, Jean Marc Gaspard Itard, ao que lle foi permitido asistir a estas sesións, máis optimista, propuxo a elaboración e execución dun programa de tratamento e educación do neno, o que foi aceptado, e proporcionáronlle os medios públicos requiridos para realizalo. O rapaz quedou, dende entón, baixo a custodia de Itard, foi atendido por Madame Guérin nos aspectos físicos e ma-

teriais, mentres que Itard elaboraba e aplicaba o programa do seu tratamento psicolóxico e readaptación.

Itard descríbeo como *“un neno desagradablemente sucio, afectado por movimientos espasmódicos e mesmo convulsións; que se balanceaba incesantemente como os animais do zoo; que mordía e rabuñaba aos que se lle achegaban; que non mostraba ningún afecto aos que o coidaban e que, en suma, se mostraba indiferente a todo e non poñía atención en nada... Aparentaba uns 11 ou 12 anos. Era delgado e máis ben baixo (1,35 cm) para a súa suposta idade. O seu rostro, redondeado e infantil, presentaba marcas de sufrir a varíola e sucábano vinte e tres cicatrices. O seu nariz era longo e puntiagudo e o seu queixo afundido. Tiña un colo longo e esvelto, pero outra gran cicatriz atravesáballe a garganta“*. Supuxo que levaría perdido como máximo dende os 4 anos, pois era improbable que sobrevivise sendo menor e dado que fora avistado dous ou tres anos antes pola zona, supuxeron que estivo salvaxe aproximadamente 7 anos, aínda que era difícil de determinar.



Der Wilde von Aveyron.

En resumo era carente de memoria, de xuízo, de capacidade de imitar, limitado á hora de transmitir as súas necesidades, limitado en habilidades e intencións comunicativas, movementos espasmódicos sen intencionalidade, apatía afectiva e mostraba indiferenza aos afectos externos, insensible a todo tipo de doenzas, predilección polo sentido do gusto, crea algunhas ideas incoherentes. Tiña unha “*vida totalmente animal*”. E el estaba disposto a cambiar iso, ía empezar o adestramento.

Iso fíxoo a través de dúas memorias, unha primeira que escribiu en **1801** e destinada á sociedade científica. E outra en **1806** dirixida ao ministro do Interior onde pedía unha subvención e onde se dá por vencido e conclúe a súa investigación. Trátase de recompilacións exhaustivas de observacións, propósitos e experiencias. Son modelos de gran rigor científico, metodolóxico e claridade expositiva e un exemplo para seguir non só para todos os científicos daquela época. Hoxe en día continúan sendo obras de referencia. A primeira datada en 1801 baséase en cinco puntos de referencia.

a. Memoria de 1801:

1. Vinculalo á vida social facéndolla máis doce e parecida á vida que acaba de abandonar.

Ata o momento a súa vida reducíase a catro cousas, durmir, comer, non facer nada e correr polo campo, e había que facelo feliz seguindo estes costumes, e para iso, Itard acompaña de paseo, e dálle todo aquilo que el necesita para ser feliz

Pero deuse conta que tiña que dar un paso máis, non podía seguir así, xa que Víctor non avanzaba case na súa educación.

2. Espertar a sensibilidade nerviosa dos seus sentidos a estímulos tan fortes como fose necesario.

2.1. *Tacto*: sentía indiferenza entre o frío e a calor, o mesmo saía nu á neve que collía un brasa fervendo sen o mínimo indicio de dor. Tacto restrinxido a posición do corpo e funcións mecánicas.

Usou técnicas, como darlle baños en auga quente para así espertar o seu sentido do tacto, co que logrou grandes resultados.

2.2. *Olfacto*: tamén o tiña pouco desenvolvido nuns aspectos e moito noutros, xa que podía durmir tranquilamente nos seus excrementos sen ningunha reacción, pero ao mesmo tempo foi capaz de atopar obxectos polo olfacto.

Tamén se amañou para mellorar o seu olfacto, e conseguiu así a sensibilidade necesaria para chegar a espirrar, cousa que nunca fixera.

- 2.3. *O gusto* desenvolveuno ata tal punto no que xa non comía nada que estivese sucio nin pouco feito.
- 2.4. *Oído*: era o que máis insensible parecía, xa que despois de disparar unha arma cerca del nin se inmutaba, aínda que si reaccionaba ao oír o son de romper unha noz, porque lle gustaban.
- 2.5. *Vista*: parecía máis a dun animal, xa que ao principio non era capaz de fixala en nada.

3. Ampliar o seu mundo dándolle novas necesidades e multiplicar as súas relacións cos demais.

Este foi un obxectivo moi difícil, xa que Itard tivo **que atoparlle un pracer e facer del unha necesidade**. Rexeitaba os xoguetes, mesmo os destruía. En cambio conseguiu coas comidas, e a partir de aí, empezou a estudar as súas reaccións.

Tamén fixo que sentise afecto por unha muller, a señora Guerin, xa que ela lle daba cousas que lle gustaban. Ata o punto que, cando a vía, se poñía feliz e se pasaba moito tempo sen vela, enfurecíase.

4. Provocar o uso da palabra mediante o exercicio de imitación por parte da lei imperiosa da necesidade.

Foi un auténtico fracaso, xa que se lograron moi poucos avances.

Sabíase que Víctor non era xordo, xa que era capaz de oír o mais mínimo son de algo que necesitase ou que lle gustase, aínda que cara ao demais mostraba indiferenza. Pero para falar non só hai que escoitar, senón tamén articular sons, cousa que conseguiu tras moitos esforzos. O primeiro son que emitiu foi “lait”, leite en francés, que se le “le”, pero non a pronunciaba por necesidade como Itard quería, senón por relación, para ter éxito, tiña que pronunciar antes de recibir, e así manter unha comunicación. Deste xeito conseguiu algúns avances, aínda que insignificantes, e unha das razóns polas que quizais non aprendía era porque non o necesitaba.

Todas as súas necesidades se resolvían de forma doada mediante xestos, así que non necesitaba aprender a falar para facer o que quería.

5. Exercitar as operacións máis simples da mente aplicadas sobre os obxectos da instrución.

Itard intentou por todos os medios mellorar as capacidades comunicativas do seu paciente, e para iso ideou multitude de xogos e exercicios que o obrigaban a pensar. Estes exercicios conseguiron grandes avances e demostraron a capacidade de pensar de Víctor.

b. Memoria 1806

Ofrece unha exposición totalmente diferente, cuxos puntos de vista son analíticos. Non se trata xa de recorrer a unhas posibilidades latentes, senón de desenvolver sistematicamente unhas funcións inexistentes. Neste, as experiencias do primeiro informe veñen recapituladas nunha orde nova:

Esforzouse sempre por ensinarlle a pensar ao salvaxe do Aveyron, elabora e pon o método de educación sensorial, que apenas variou ata os nosos días.

1. Desenvolvemento dos sentidos:

- 1.1. *O oído*: o doutor Itard cre firmemente que para levar a cabo a educación deste sentido é preciso illalo, xa que segundo relatou é aquel dos sentidos que concorre dun modo máis particular co desenvolvemento das facultades intelectuais. Utilizou múltiples métodos: cubría cunha grossa venda os ollos de Víctor e facía soar sons xunto aos seus oídos para instalos, posteriormente, a que os reproducise. Víctor aprende a recoñecer o timbre dun reloxo, o estalo dunha vara, as modulacións dun instrumento de vento; e, máis adiante, con pouco éxito, a discernir as vogais, facendo que levantase un dedo diferente á audición de cada unha delas.
- 1.2. *O gusto e o olfacto*: como se viu ao inicio Víctor olfacteaba mesmo corpos inodoros para nós: madeira, seixos (era capaz de atopar obxectos só co olfacto). Neste punto propúxose afinar uns sentidos cuxo desenvolvemento púñaos xa por riba de todo perfeccionamento e espertar o gusto por comida antes desprezada. Víctor foi capaz de ter gusto por comida cociñada e rexeitar outra clase de alimentos dos que antes se alimentaba.
- 1.3. *O tacto*: inicialmente non distinguía unha castaña dunha landra. Foi capaz de captar diferenza na temperatura dos corpos e das formas e volumes mediante o exercicio da comparación (unha pedra e unha castaña, unha moeda e un dado, e chegou a distinguir as letras metálicas máis parecidas entre si).




- 1.4. *A visión:* primeiro utilizaba a vista dun modo global, logo, dada a necesidade de chegar á distinción das letras de forma parecida tomou un novo punto de partida coa análise das formas simples. Víctor acabou por unir a palabra e o obxecto. Pasar ás calidades comparativas das cousas constituía unha nova etapa: o estudo da escritura, que se iniciou con actos de doada imitación (como levantar o brazo, avanzar o pé, sentar e levantarse, repetir logo cos dedos unha boa cantidade de movementos, simples primeiro e combinados despois.)

2. Desenvolvemento das funcións intelectuais:

Ideou múltiples xogos para traballar, potenciar e desenvolver estas funcións.

- 2.1. *Memoria:* estimula a súa memoria cambiando obxectos de lugar.
- 2.2. *Agrupación e semellanza de estímulos:* relaciona obxectos con debuxos, e pídelles que vaia buscar o obxecto a partir do seu debuxo.
- 2.3. *Discernimento e imitación*
- 2.4. *Escritura:* potencia a escritura. Identifica obxectos con palabras e logo pídelles que as relacione. Por este traballo de asociación empeza a traballar a escritura.
- 2.5. *Linguaxe:* foi o fracaso. Só consegue dicir: *lait, Oh! Dieu* e sen finalidade comunicativa.



3. Desenvolvemento das facultades afectivas:

O desenvolvemento das funcións afectivas, para a cal lle propuxo a Madame Guerin encargarse da tutela afectiva do neno, ela sería quen lle dese o cariño e o tratase como unha nai, e aprendese a través dela regras de convivencia en sociedade, o sentido de xustiza e o afecto.



Conclusións

Itard resume todos os seus estudos en: o home en estado natural é o máis inferior e indefenso dos animais; o que fai que o home estea por enriba dos demais animais é a súa superioridade moral, co conseguente desenvolvemento en sociedade; as vantaxes da superioridade moral, cuxa principal expresión é a palabra, apróveitanse na infancia, que é cando podemos aprender. As ideas de todo home están relacionadas coas súas necesidades; o ensino debe ser guiado pola medicina moderna.

Os métodos que Itard utilizou, con base aos principios de imitación, condicionamento e modificación do comportamento os cales o situaron á vangarda da súa época, e o levaron a inventar moitos mecanismos de ensino que aínda se utilizan. O neno logrou un progreso notorio: aprendeu os nomes dalgúns obxectos e puido ler e escribir frases simples, expresar desexos, seguir ordes e intercambiar ideas. Demostrou afecto, especialmente cara á ama de casa de Itard, a señora Guérin, ao igual que emocións de orgullo, vergoña, remordemento e desexo de compracer. Pero, á parte dalgúns sons vocálicos e consonánticos, nunca aprendeu a falar. Ademais, mantíñase totalmente centrado nas súas necesidades e desexos e, como o admitiu Itard no seu informe final, nunca pareceu perder o seu vivo anhelo “*pola liberdade do campo aberto e a súa indiferenza á maioría dos praceres da vida social*”. Cando o estudo concluíu, Víctor –que xa non foi capaz de valerse por si mesmo, como o fixera na selva– foise vivir coa señora Guérin, e recibiu unha remuneración de 150 francos do goberno francés ata a súa morte en 1828 con 40 anos.

Pero realmente fracasou no feito de ensinalo a falar. Hai varias explicacións a este fracaso. Os plans de educación de Itard están pensados para nenos con problemas de aprendizaxe, pero que o seu campo de experiencia está dentro do ámbito social habitual. O neno sobrevivira nun ambiente moi difícil, na que os seus sentidos deberon ser moi importantes, non obstante Itard considera que os sentidos de Víctor deben ser educados. Itard non comprendeu que estaba a someter o neno a uns estímulos incomprensibles para el, e era incapaz de situarse nun ámbito como aquel. Ao longo de todo o tempo de educación de Víctor, Itard non trata de comprender o seu mundo, só desexa cambialo, por algo que el está convencido que é moito mellor. De todo os xeitos o traballo que realizou Itard quedou para a posteridade e é un exemplo de rigor científico, ademais de orixinar as bases da Psicopedagogía moderna e Psiquiatría infantil tal como as coñecemos hoxe en día.

Outros casos de “Nenos Salvaxes”

Os casos de nenos salvaxes cativaron sempre a opinión pública. O primeiro caso documentado é o do «neno lobo de Hesse», que se atopou en 1344, cando a documentación permite quizais por primeira vez superar o dominio do mitolóxico. Dende eles ata a última nena salvaxe atopada en Camboja hai un par de anos, atopáronse unha gran cantidade de pequenos abandonados ou perdidos nos lugares máis remotos que, malia todo, sobreviviron nun ambiente hostil.

A continuación nomearanse algúns casos escollidos de forma aleatoria onde se poden comprobar semellanzas e diferenzas que nos poden axudar a entender a natureza destes nenos.

**1. Dina Sanichar,
o neno lobo - Sekandra**

Ano: 1867

Idade: 6

Localización: Sekandra, India

Anos salvaxe: 6

Animais: lobos

Mostrou todos os hábitos dun animal salvaxe, arrancaba a roupa e comía os alimentos de terra. Nunca aprendeu a falar. Ao parecer, converteuse en adicto ao tabaco e sospeitaban que tiña un probable atraso mental.



2. A nena esquimó de Champagne

Ano: 1731

Idade: Entre 8 e 10

Localización: Sogny, cerca de Chalons-sur-Marne (Champagne)

Anos salvaxe: indefinidos

Animais: varios

Aprendeu a falar, probablemente antes do seu abandono, xa que puido aprender a falar coherentemente.

A súa dieta consistía de aves, ras, coellos e peixes, follas, ramas e raíces. “Os seus dedos e os polgares en particular, eran extraordinariamente grandes“, dixo Charles Marie de La Condamine.

Corría moi rápido e tiña a vista extraordinariamente aguda.

Morreu maior, traballaba realizando flores artificiais.



3. Nenas lobo de Midnapore

Ano: 1920

Idade: 8 (Kamala), 1,5 (Amala)

Localización: Midnapore, India

Anos salvaxes: 8

Animais: lobos



Eran agresivas e perigosas: rabuñaban, mordían e atacaban como bestas aos que se lle achegasen. Tiñan as mandíbulas afiadas e os caninos máis longos do habitual; os ollos brillábanlles na noite e vían mellor que ninguén na escuridade, así como o seu sentido do olfacto estaba especialmente desenvolvido. Tampouco sabían chorar ou rir, nin tiñan, aparentemente, ningún sentimento humano.

Constatouse que non parecía haber vínculos familiares entre as dúas. A súa adaptación foi difícil. Tan só 1 ano despois do seu ingreso no orfanato, Amala enfermou e morreu de disentería. Cando Amala faleceu, viuse a Kamala chorar. Pasou as semanas seguintes refuxiada nunha esquina e ouveando nas noites. A partir de entón Kamala mostrouse máis sociable.

Kamala aprendeu os conceptos elementais de cantidade, empezou a andar por si mesma e adquiriu un vocabulario dunhas corenta palabras monosílabas: obxectos de importancia vital e concreta. En 1929 contraeu a febre tifoide e morreu.

4. A nena polo

Ano: 1970

Idade: 9

Localización: Coimbra, Portugal

Anos confinada: 8

Animais: galiñas



Foi descuberta vivindo nun galiñeiro onde a súa nai a encerrou dende o seu nacemento, manifestaba as mesmas reaccións que as galiñas, durmindo no chan e camiñando dun xeito moi estraño movendo os seus brazos coma se fosen ás. Nunca aprendeu a falar.

5. Genie

Ano: 1970

Idade: 13

Localización: La Arcadia, California

Anos confinada: 12

Foi o caso mellor documentado da historia de neno salvaxe.

Comezou a falar con 20 meses. Sospeita de Atraso mental. O pai decidiu encerrala nun cuarto por medo a que lla quitasen e para protexela dos perigos do mundo exterior.

Á idade de 13 anos, a nena só entendía 20 palabras, a maior parte das cales eran curtas e negativas: *stopit, no-more*.

Aprende os fundamentos da linguaxe de sinais, algunhas frases curtas con sintaxe limitada, aprendeu a sorrir e, se non había outra forma de expresarse, facía pequenos debuxos. Actualmente segue institucionalizada. Existe un documental sobre ela e unha película baseada no seu caso pero usando nomes falsos *Mockingbird don't sing*.



6. O neno cabra dos Andes

Ano: 1990

Idade: 12

Localización: Andes, Perú

Anos salvaxe: 8

Animais: cabras

Cando foi atopado camiñaba a catro patas. Podía comunicarse coas cabras pero nunca foi incapaz de aprender a linguaxe.



7. John Ssebunya, o neno mono de Uganda

Ano: 1991

Idade: 6

Localización: Uganda

Anos salvaxe: 3

Animais: monos



O pai de John asasinou a súa esposa nunha rifa conxugal e fuxiu.

O neno, de cinco anos, desapareceu sen deixar rastro.

Tiña hipertricose, múltiples feridas ao ser atopado. Perdeuse e foi coitado por monos vervet, un dos poucos grupos de primates que viven entre o chan e as árbores e cuxa dieta, a base de substanciosa froita, permítelles subsistir sen beber apenas auga. Un anos despois, Johnny regresou á civilización en plena infancia e da man dunha veciña, que foi recoller leña e viuno entre os monos. Aprendeu a falar e contou a súa historia. Hai unha reportaxe da BBC en 1999.

8. Oxana Malaya, a nena can.

Ano: 1991

Idade: 8

Localización: Ucraína.

Anos confinada con animais: 7

Animais: cans



Cando contaba con poucos meses foi confinada polos seus pais nunha zona próxima á súa casa onde vivía unha manda de cans salvaxes, que a acolleron e coidaron. Cando foi atopada gruñía, ladraba ou anicábase coma un can salvaxe, uliscaba a comida antes de inxerila. Cando a atoparon, a Oxana foille difícil adquirir habilidades humanas e emocionais normais. Non tivera ningunha estimulación intelectual nin social, e o seu único apoio emocional proviñera dos cans cos que vivía. Ao non estar exposta á linguaxe en contexto social, fíxoselle moi difícil mellorar a súa habilidade verbal.

A día de hoxe, Oxana pode falar e grande parte dos seus problemas de comportamento remediáronse. Dende que se atopou vive nunha clínica para discapacitados en Odessa. Existe un documental producido pola canle 4 británica sobre ela.

9. Marcos Rodríguez Pantoja

Ano: 1967

Idade: 19

Localización: Serra Morena, Jaén

Anos salvaxe: 12

Animais: lobos.

Foi vendido polo seu pai a un pastor, ata que se perdeu. Actualmente fala correctamente, aínda que xa sabía falar cando se perdeu. Ten problemas para relacionarse, non soporta o ruído e non se remata de adaptar á sociedade. Vive

en Galicia, nunha casa no campo con animais. Recentemente realizaron unha película *Entre Lobos* dirixida por Eugenio Olivares e Gabriel Janer Manila fixo a súa tese e escribiu un libro titulado: *He jugado con lobos*.



10. A última nena salvaxe

Ano: 2007

Idade: 29

Localización: selva de Cambodja

Anos salvaxe: 19

Animais: varios

Foi incapaz de adaptarse. Emitía gruñidos e negábase a vestirse. Só pronunciaba 3 palabras: “papá, mamá, dor de estómago”. Nuns meses volveu escapar.



Bibliografía

ITARD, J. M. G.: *Rapports et memoires sur le sauvage de l 'Aveyron*. (1801 e 1806)

JANER MANILA, G. (2010) *He jugado con lobos*.

Les enfants sauvages (1964). Lucien Malson.

O neno salvaxe (1970). François Truffaut. Edición Fundamentos.

RYMER, RUSS (1999). *Genie: A Scientific Tragedy*.

Feralchildren.com

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas * Leticia Gómez Conde **

RESUMEN

¿Que son los niños salvajes? ¿Qué tienen de verdadero y de leyenda? Desde tiempos inmemoriales todas las sociedades se ha volcado en la aparición de estos niños, que lejos de ser fantasía muchos de ellos han podido ser ampliamente estudiados. El interés que despiertan va íntimamente ligado al mismo misterio de la naturaleza humana. Uno de estos casos más estudiados fue el de Víctor de Aveyron, un niño de unos 12 años que fue capturado en un bosque del Languedoc francés y del que se hizo cargo el joven doctor Itard. La obra del doctor supuso sin duda un antes y después, no sólo por su rigor científico, si no por establecer las bases de la psiquiatría infantil y pedagogía actual. Bienvenidos a lo salvaje.

- * El autor es Licenciado en Medicina y Cirugía por la Universidad de Lleida (2006). MIR en Psiquiatría en el Complejo Hospitalario Universitario de Vigo (2008 – 2012). Psiquiatra Adjunto de la Unidad Terapéutica de Psiquiatría Penitenciaria Juvenil de Tillers (Sant Joan de Déu, Mollet del Vallés. Barcelona). Actualmente está cursando un Master de Psiquiatría Legal en la Universidad Complutense de Madrid (2011-2013). Es socio de la Sociedad Española de Psiquiatría legal desde 2010; Miembro de AECS (Asociació d'Estudiants de Ciències de la Salut y Representante de la UdL en el IFMSA Meeting Netherlands. Ha realizado cursos y talleres en torno a la: Psicopatología del crimen violento; psicópatas; adicciones no tóxicas y urgencias psiquiátricas, entre otros. Publicaciones en la Revista de la Asociación Galega de Psiquiatría: *Trastorno Esquizoafectivo: A proposito de un caso* (2009). "Problemas de vecinos" como capítulo de un libro, en: Casos clínicos de residentes de Psiquiatría. 12ª edición; *¿Encefalopatía hepática o enfermedad de Marchiafava Bignami?* Finalista de Casos clínicos de residentes de Psiquiatría. 13ª edición. Pósters como: *Episodio psicótico en paciente mayor con trastorno depresivo y tratado con Bupropion*; *Trastorno del sueño REM en una persona mayor* (Premio accésit del jurado). Ha participado en diferentes cursos y seminarios como ponente y de carácter formativo.
